

12 Respostas sobre a reforma laboral

EN nome dunha crise provocada polas políticas entregadas á gran Banca, ao gran capital financeiro, ás multinacionais e aos poderosos, o Goberno de España volve unha vez máis a castigar os non culpábeis desta desfeita: os traballadores/as.

Hai case dous anos impuxéronnos unha Reforma Laboral que abaratóu o despedimento e flexibilizou os despedimentos colectivos. No pasado ano reformaron o sistema de pensións aumentando os anos para poder xubilarse e ter que cotizar moitos máis anos para ter dereito a unha pensión, rebaixando as nosas pensións e prexudicando fundamentalmente as mulleres. Máis recentemente decretan unha reforma fiscal que aumenta a tributación do IRPF aos traballadores/as reducindo así

os seus salarios. Agora, pretenden poñer o punto final, cunha reforma laboral que elimina practicamente todos os dereitos dos que non temos ningunha responsabilidade na actual situación económica.

Pola contra, non toman ningunha medida contra os responsábeis desta desfeita. Ninguén se pregunta onde foron os grandes beneficios obtidos ata o de agora polos realmente causantes da crise ou en que empregaron, e están a empregar, os miles de millóns de euros dos cartos do Estado, de todos todas nós, que lles foron entregados aos bancos. Non estamos, polo tanto, a falar de que non haxa cartos senón de a quen se lle queren dar eses cartos. Estanse a elaborar políticas de ricos e só para os ricos, condenando a Clase Traballadora.

Temos que dicirlles que non

Son tempos de loita e mobilización

Contra a reforma laboral. Non tes nada que perder.

Todos/as temos moito que gañar.

Podémolos parar

29^{de} marzo
FOLGA XERAL



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

As respostas sobre a reforma laboral

1. Pode ser despedido un traballador/a sen indemnización ningunha? SI. O novo contrato indefinido prevé un período de proba de ata un ano no que se pode despedir sen causa ningunha nin indemnización.
2. Desaparecen as categorías profesionais? SI. Só se terán en conta grupos profesionais propiciando a realización de máis tarefas por menos traballo.
3. Poderá o patrón modificar libremente a xornada, horario e distribución do tempo de traballo e o traballo a quendas? SI.
4. Poderá a empresa rebaixar o salario pactado en convenio? SI. Chégalle á empresa con alegar “que terá menos facturación nos próximos meses”.
5. Xeneralízase o despedimento con 20 días/ano de indemnización? SI.
6. Rebáixase a indemnización por despedimento improcedente? SI. Agora pasa de 45 días/ano a 33, pero é que ademais ata un máximo de 24 meses, e non se cobrarán os salarios deixados de cobrar desde o despedimento ata a sentenza.
7. Pode a empresa executar despedimento colectivo sen autorización da Administración? SI.
8. Esta reforma afecta aos traballadores/as do sector público? SI.
9. Pode ser un traballador/a despedido por baixa por enfermidade? SI.
10. Auméntase a idade para os contratos de aprendizaxe? SI, e pódese traballar con ese contrato ata os 33 anos e cobrando por debaixo do Salario Mínimo.
11. Podo quedar sen Convenio Colectivo? SI. Se non se renova en dous anos, pódese perder todos os dereitos do convenio e pasar a cobrar o salario mínimo.
12. Dificulta a redución de xornada por coidado de fillo a cargo? SI. Será o empresario quen decida.

Outras consecuencias da reforma laboral

1. Determina que os patróns sexan xuíz e parte nas relacións laborais.
2. Establece inxentes contías económicas para subvencionar/bonificar os contratos. Ou, sexa seguir a darlle cartos dos/as traballadores/as aos patróns.
3. NON COMBATE O PARO. Só precariza as condicións de todos/as, tanto dos/as traballadores/as activos/as como dos/as desempregados/as.
4. Desmantélase o sistema público de protección social. Con salarios baixos o Estado recadará menos para os fondos públicos de Seguridade Social e Desemprego. O que buscan é privatizar todo o sistema (de aí vén a introdución das ETTs como axencias de emprego) e a quebra do sistema de benestar.
5. O traballador/a coa ameaza constante de despedimento e con salarios baixos consumirá o mínimo e irá ao máis barato. O comercio local verase gravemente afectado ao non poder competir en prezos coas grandes áreas comerciais. Actúan en favor dos grandes.
6. Aumentará a marxinação e a exclusión social.

29
de
marzo
**FOLGA
XERAL**

Manifestación en Santiago
Ás 12,30 na Praza Roxa

